



**ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
AO CONSELLO ESCOLAR**

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro), a **Xunta Electoral** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS** segundo as normas seguintes:

1. Conforme ao establecido no artigo 37 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21) redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un membro do persoal de administración e servizos** que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral de persoal de administración e servizos está exposto desde hoxe no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partires do día 5 de novembro e ata o día 12 de novembro.
4. A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, a secretaria do centro e membro do citado persoal de maior idade.
5. Cada membro do persoal administrativo e de servizos fará constar na papeleta das eleccións o nome da persoa á que le outorga a representación.
6. O voto será directo, segredo e non delegable.
7. As votacións realizaranse neste Colexio Público **o día 22 de novembro, de 12:30 a 13:00. A mesa electoral será constituída** o mesmo día, en acto público, **ás 12:00 horas na biblioteca do centro.**
8. Teñen dereito a voto, todo o persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estean vinculados ao mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Cambre, 04 de novembro de 2021

A Directora do Centro e
Presidenta da Xunta Electoral

Asdo: Patricia Coedo Lodeiro

(1) No caso de que se produciran baixas, aplicar o número que proceda.